

IV Folk Horror Festival

DOSSIER DE PATROCINIO

10, 17, 23 e 24 de outubro de 2026

Organiza
Asociación Cultural Aldea Vella

IV FOLK
HORROR
FESTIVAL



ALDEA
VELLA

IV Folk Horror Festival

O FESTIVAL

O Folk Horror Festival é unha iniciativa cultural promovida pola Asociación Cultural Aldea Vella que busca achegar ao público o cinema de terror de raíz popular, a literatura e as tradicións que forman parte do noso patrimonio.

A cuarta edición desenvolverase ao longo de tres xornadas, combinando unha charla especializada, dúas sesións de curtametraxes e un pase de terror, convertendo o festival nun punto de encontro para afeccionados ao xénero, creadores e público xeral.

Programa

- **10 OCT** actividade "Ao redor do lume" (Prado)
- **17 OCT** conferencia Iria-Friné Rivera Vázquez (Náutico de Castrelo)
- **23 OCT** curtas bloque I e concerto (Prado)
- **24 OCT** obradoiro infantil, bloque II (Prado) e pasaxe de 22:30 a 02:00 (Astariz)



IV Folk Horror Festival

POR QUE COLABORAR?

Patrocinar o Folk Horror Festival é apoiar unha proposta cultural diferente, vinculada ao territorio e cunha comunidade cada vez máis consolidada. A colaboración das empresas permite seguir facendo medrar o festival e, ao mesmo tempo, ofrece visibilidade da súa marca nun evento cultural en expansión.

A edición anterior

- Máis de 65.000 visualizacións en Instagram en orgánico.
- Máis de 100 persoas de público presencial durante as diferentes actividades.
- Difusión en redes sociais antes, durante e despois do festival.

O QUE SERÁ ISTE ANO

O IV Folk Horror Festival aposta por unha comunicación máis ampla e planificada para que as empresas colaboradoras tamén formen parte do seu crecemento.

A combinación de publicidade en redes sociais, campañas en Meta e presenza da marca nas diferentes actividades permitirá aumentar a visibilidade do festival e ofrecer un maior retorno aos patrocinadores.

IV Folk Horror Festival

ESPAZOS DE VISIBILIDADE

As empresas colaboradoras poderán formar parte da comunicación do festival a través de diferentes soportes.
Cartel oficial

O logotipo da empresa aparecerá no **cartel oficial** do IV Folk Horror Festival, distribuído tanto en formato físico como dixital.
Patrocinio: 40 €

Panel de patrocinadores

O espazo principal do festival contará cun panel de patrocinadores visible para asistentes, participantes e organización durante as xornadas do evento.
Patrocinio: 40 €



Patrocina unha actividade

As empresas poden asociar a súa marca a unha actividade concreta do festival.

Charla con Iria-Friné Rivera Vázquez

Patrocinio exclusivo.

Inclúe:

- Mención como patrocinador da actividade.
- Presenza do logotipo na comunicación da charla.
- Difusión nas redes sociais.

80 €

Pase de terror

Patrocinio exclusivo.

Inclúe:

- Mención como patrocinador da actividade.
- Presenza do logotipo na comunicación do pase.
- Difusión nas redes sociais.

80 €

Campaña patrocinada en redes sociais

As redes sociais son un dos principais medios de difusión do festival e permiten ampliar significativamente o alcance da programación.

As empresas colaboradoras poden patrocinar unha campaña específica, asociando a súa marca á promoción do evento.

Inclúe

- Publicación patrocinada nas redes sociais do festival.
- Presenza destacada da marca colaboradora na creatividade.
- Campaña de publicidade en Meta Ads.

Dos 120 € do patrocinio:

- 60 € destinaranse á campaña publicitaria en Meta Ads.
- 60 € contribuirán á organización do festival.

Patrocinio: 120 €

Primeiro pase de curtametraxes

Patrocinio exclusivo.

Inclúe:

- Mención como patrocinador do pase.
- Presenza do logotipo na comunicación da actividade.
- Difusión nas redes sociais.

100 €

Segundo pase de curtametraxes

Patrocinio exclusivo.

Inclúe:

- Mención como patrocinador do pase.
- Presenza do logotipo na comunicación da actividade.
- Difusión nas redes sociais.

100 €



IV Folk Horror Festival

MODALIDADES DE COLABORACIÓN

Modalidade	Prezo
Logotipo no cartel oficial	40 €
Logotipo no panel de patrocinadores	40 €
Patrocinador da charla	80 €
Patrocinador do pase de terror	80 €
Patrocinador do primeiro pase de curtas	100 €
Patrocinador do segundo pase de curtas	100 €
Campaña patrocinada en redes sociais	120 €

IV Folk Horror Festival

GRAZAS POR FORMAR PARTE DO IV FOLK HORROR FESTIVAL

Cada colaboración contribúe a facer posible unha nova edición do festival e a seguir impulsando a cultura, a creación audiovisual e o folk horror en Galicia. Se desexas colaborar ou obter máis información, estaremos encantados de atenderte.

Asociación Cultural Aldea Vella

ola@aldeavella.com

aldeavella.com